

55.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29 DE DECEMBRO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE SEN OBRAS.

1.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE SEN OBRAS para actividade de taberna, bar e tapas sito no local número 13 da praza de Abastos de Lalín – Lalín.

1.2.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE SEN OBRAS para comercio ao miúdo de bicicletas na r/ Corredoira, 72 – Lalín.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE.

2.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE respecto da panadería sita na r/ B, 42 - Lalín.

2.2.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE respecto da actividade de comercio menor de prendas de vestir e tocado, na rúa Alcalde Ferreiro, esquina Pintor Colmeiro – Lalín.

2.3.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE respecto da actividade de comercio ao miúdo de lencería e corsetería, sita na avda. Luis González Taboada, 34.

3.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

3.1.- Acordouse a devolución de fianza constituída como garantía do contrato de “Acondicionamento nos centros sociais de Muimenta, Losón e Lodeiro (PPOS/2015) do Concello de Lalín.

3.2.- Acordouse a devolución da fianza constituída como garantía do contrato de “Mantemento de extintores”.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

4.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SERVIZO DE DESRATIZACIÓN, DESINSECTACIÓN, CONTROL E PREVENCIÓN DE LEXIONELOSE EN EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DE RISCO E CONTROL DAS CONDICIÓNS TÉCNICO SANITARIAS NAS PISCINAS MUNICIPAIS DE LALIN”.

4.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SERVIZO DE LIMPEZA DE DIVERSAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS” (CSE142016), que comprende os seguintes lotes:

Lote 1: Servizo de Limpeza da Praza de Abastos.

Lote 2: Servizo de Limpeza do Aparcamento Municipal Aldea Grande.

4.3.- Acordouse iniciar o expediente denominado BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS NA XLIXª EDICIÓ DA FEIRA DO COCIDO.

4.4.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN E MONTAXE DE EQUIPOS DE SONORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS VENCELLADOS Á FEIRA DO

COCIDO”.

5.- FACTURAS E CONTAS.

5.1.- Aprobouse a relación de facturas nº00180 por importe de 283.603,71 €.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

6.1.- Acordouse aprobar a proposta da Alcaldía en relación coa concesión de axudas ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións para a celebración de festas parroquiais para o ano 2016.*

6.2.- Acordouse aprobar as contas xustificativas que se relacionan a continuación:

- MODALIDADE DE SUBVENCIÓN: PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS DEPORTIVAS E/OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

- MODALIDADE DE SUBVENCIÓN: FOMENTO DO DEPORTE DE BASE.

- MODALIDADE DE SUBVENCIÓN: PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS DEPORTIVAS E/OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

6.3.- Acordouse aprobar a conta xustificativa relativa a as subvencións a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos servizos sociais durante o ano 2016.

6.4.- Acordouse aprobar a conta xustificativa relativa a as subvencións a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos servizos sociais durante o ano 2016.

6.5.- Acordouse aprobar a conta xustificativa relativa a as subvencións a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos servizos sociais durante o ano 2016.

6.6.- Acordouse aproba a conta xustificativa da subvención concedida en concepto de subvención destinada ao desenvolvemento do programa integral de atención a persoas con alzhéimer e familias cuidadoras.

6.7.- Acordouse aprobar a acta de cualificación final da fase de oposición e concurso do proceso selectivo para a configuración dunha Bolsa de Emprego do

Concello de Lalín: Monitor-deportivo a tempo parcial.

6.8.- Acordouse aprobar a conta xustificativa- ACTIVIDADES CULTURAIS.

6.9.- Acordouse aprobar o convenio da programación da RGTA do 1º semestre de 2017 no que aparecen todas as actuacións previstas no espazo escénico asociado a RGTA entre os meses de xaneiro a xuño.

6.10.- Acordouse conceder LICENZA ADMINISTRATIVA PARA POSUIR ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

6.11.- Acordouse aprobar a proposta para autorizar unha campaña promocional do Parking Aldea Grande do 2 ao 16 de xaneiro de 2017 aplicando as seguintes tarifas recollidas na ordenanza municipal correspondente:

- Os primeiros 60 minutos gratuítos en todo caso.
- A partir do minuto 61 ata o minuto 120, por cada minuto:0,01667.
- A partir do minuto 121, por cada minuto adicional: 0,00667.

6.12.- Acordouse aprobar a conta xustificativa da subvención concedida en concepto de subvención destinada ao desenvolvemento do programa de atención a persoas con discapacidade coa finalidade de facilitar a integración social de este colectivo.

6.13.- Acordouse corrixir o erro padecido na Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 26 de decembro de 2016, punto 8.16 de aprobar as contas xustificativas presentadas que se relacionan a continuación:

1.- MODALIDADE DE SUBVENCIÓN: PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN DEPORTIVAS E/OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS:

2.- MODALIDADE DE SUBVENCIÓN: FOMENTO DO DEPORTE DE BASE.

6.14.- Acordouse corrixir o erro padecido na acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local do día 26 de decembro de 2016, no punto 8.27, en relación á reparación de oito fancoils no auditorio de Muimenta.

7.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

7.1.- Dáse conta do escrito presentado no que solicita o uso da Aula Cémit os

Luns en horario de 10:00 a 13:00 horas durante o 1º semestre do 2017 para a realización de diferentes actividades con usuarias/os dos programas de persoas maiores e emprego.

7.2.- Visto o escrito presentado no que renuncia á licenza de obra concedida na sesión celebrada o día 7 de abril de 2015 para a renovación da cuberta da Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Vilatuxe, Vilatuxe- Lalín.
